Galiza, consonte a súa condición de nación, aspira a medrar en decisión política, a ter maior responsabilidade para gobernar os asuntos que nos afectan e interesan. O ordenamento constitucional vixente entraña limitacións tanto no que atinxe ao exercicio da soberanía como ao desenvolvemento dun autogoberno real e efectivo que leve aparellado a toma de decisións propias vinculadas exclusivamente aos intereses de Galiza. Ademais, a súa evolución foi virando cara constrinxir na práctica a limitada autonomía política de Galiza a unha mera descentralización administrativa.

A asunción formal de competencias en determinadas materias logo da promulgación do Estatuto de Autonomía para Galiza pola Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, foi acompañada do recoñecemento de “autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias consonte aos principios de coordinación da facenda estatal” (artigo 156 do texto constitucional). Porén, os



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impedimentos para gobernar desde Galiza dun xeito pleno e soberano ditas competencias fixéronse patentes ao longo destas décadas, tanto pola continua delimitación das competencias a funcións de mera xestión das decisións adoptadas polos poderes centrais como pola imposibilidade de poder exercer unha mínima autonomía financeira -que fora recoñecida sequera nominalmente- ao implantarse un sistema común de financiamento con subordinación total ás políticas fiscais e económicas do goberno central.

A importancia de contarmos desde Galiza con capacidade de decisión plena e real no eido financeiro e económico estivo presente nos debates da historia política contemporánea de Galiza, e sempre ligada á preocupación entre a estreita vinculación entre capacidade de xestión económica e financeira coa capacidade de decisión plena sobre os intereses de Galiza. Alfredo Brañas, no seu ensaio "El regionalismo", avanzaba a organización administrativa dunha eventual facenda pública galega. As Irmandades da Fala, no Manifesto aprobado en Lugo en 1918, incorporaban entre as "facultás" do poder galego o réxime tributario contemplando expresamente o concerto económico. Alexandre Bóveda presentou na Asemblea de concellos Pro-Estatuto de 1932 un relatorio sobre o modelo de Facenda Galega, asentando as bases para recadar e xestionar desde Galiza -baixo a dirección do poder galego- o disperso modelo fiscal existente en base á idea de progresividade fiscal. Castelao reiterou no Sempre en Galiza a idea e necesidade de transformar o sistema fiscal de Galiza, con base nas ideas de Bóveda que foran debatidas no proceso estatutario da II República.

No entanto, o modelo de financiamento vixente, así como as sucesivas variacións e adaptacións, non contribuíu a asegurar recursos económicos



CSV: BOPGDSPG-nGHF20q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envío: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesarios para a atender as competencias, cada vez máis crecentes e ampliadas en servizos públicos básicos competencia de Galiza, véndose así coutada a posibilidade de ter unha autonomía financeira efectiva.

Ao longo deste 44 anos, asistimos a un proceso onde, por unha banda, Galiza pasou a xestionar servizos públicos relevantes, directamente vinculados ao benestar das persoas, como a sanidade, a educación ou os servizos sociais, que necesitan para o seu funcionamento e mellora constante un importante volume do gasto público. O proceso de descentralización comportou a asunción da titularidade dos servizos públicos e xestión do orzamento de gastos. Mais, pola outra banda, non aconteceu o mesmo cos ingresos públicos necesarios para o financiamento das competencias que se foron descentralizando. Así, mantívose unha férrea centralización das competencias tributarias, onde a administración central do Estado controla de xeito case absoluto os ingresos recadados e ademais resérvase a capacidade para distribuílos ás comunidades autónomas. Ademais, este deseño legal non parte da realidade económica, senón dunha ficción, pois implica supor que os ingresos tributarios, que se xeran a partires de feitos impoñíbeis por actos económicos ao longo de todo o territorio do Estado, orixínanse exclusivamente a nivel central e posteriormente son “cedidos” ás Comunidades Autónomas, cando a súa orixe está en realidade na actividade económica desenvolta en cada territorio.

O sistema de financiamento autonómico só foi modulado no que respecta á distribución e aos criterios para efectuala, acometéndose mudanzas sobre o alcance e a elección dos impostos nos que Galiza podía participar na súa cesión,



CSV: BOPGDSPGhn6F20q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envío: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizándose por este motivo diversas modificacións puntuais na disposición adicional primeira do Estatuto de Autonomía de Galiza.

Até o de agora, nunca se admitiu que de xeito parello á descentralización administrativa, para alén de transferir unha parte minoritaria de ingresos públicos, ou mesmo compartir a recadación dunha parte residual, se partillase a potestade de controlar os ingresos entre Estado e Galiza, tanto a nivel de regulación (modelo de política fiscal) como de recadación, para tanto contar co financiamento preciso para manter e mellorar os servizos públicos básicos como distribuílos como mellor consideraran convenientes os gobernos galegos, isto é, que puideran exercer sequera a execución nos servizos transferidos de xeito pleno, contando coa capacidade necesaria para financialos, gozando da autonomía financeira que predica a propia norma constitucional.

A promulgación normativa en 1980 do sistema de financiamento (LOFCA) estableceu o marco básico para que Galiza puidese exercer a súa "autonomía financeira". Este sistema, malia as sucesivas reformas introducidas, sempre mantivo a filosofía esencial dun modelo de control centralista dos recursos tributarios públicos, e dispensa sempre tutelada dos mesmos para atender as competencias descentralizadas. E o seu desenvolvemento práctico aínda constrinxiu máis unha eventual evolución que favorecera unha maior implicación na corresponsabilización fiscal, tanto de Galiza como doutras institucións autonómicas integrantes do sistema.

A posibilidade de ter ingresos de "tributos propios" é realmente raquítica en comparación cos tributos estatais. Aínda que isto sería un mecanismo idóneo para afondar nunha mínima relación directa entre o pago por impostos e as



CSV: BOPGDSPG-mOfF20q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envio: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencias asumidas en Galiza, na sentenza do Tribunal Constitucional 37/1987 ficou claramente delimitada a imposibilidade de crear novos impostos "sobre obxectos materiais ou fontes impositivas xa gravadas polo Estado". Así, a administración central do Estado mantivo e mantén a capacidade preferente de estabelecer impostos importantes (sobre a renda, o consumo, os beneficios das empresas, o patrimonio, etc.), e Galiza ficou cun papel secundario, véndose obrigada a renunciar de facto a esa posibilidade de ter tributos propios cun carácter minimamente relevante, ao ver como ese campo de xogo era achicado primeiro polo Estado e terse que conformar con figuras tributarias residuais.

Así en termos xerais, e respecto dun contribuínte galego ou galega, mentres o Estado actúa fiscalmente sobre os aspectos máis significativos da súa vida económica (rendementos obtidos do traballo ou capital, consumos en xeral, beneficios empresariais, etc.), a imposición ordenada desde Galiza actúa en ámbitos máis reducidos: cesión de impostos sobre sucesións ou transmisións, regulación e xestión de impostos sobre o xogo, consumos especiais, tributos ambientais (canon de saneamento, eólico, sobre emisións atmosféricas, recargos nos hidrocarburos), taxas e prezos por servizos prestados polo sector público galego.

A partires da reforma do financiamento autonómico de 1993, encétase unha tímida cesión dalgúns tributos importantes reservados ao Estado, e o sistema foi avanzando sobre ditas bases en quinquenios sucesivos, incorporando algunha capacidade normativa sobre os impostos cedidos. A última reforma do sistema de financiamento en vigor, aprobada en 2009 e con efectos desde 2010, afondou no carácter continuísta do modelo xa descrito. Os tímidos avances en

CSV: BOPGDSPG-mGHF2q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autonomía financeira e en maior capacidade normativa das comunidades autónomas non supuxeron mudanzas que permitisen falar dun modelo cualitativamente diferente ao anterior. A última reforma mantivo a característica principal do sistema, onde o Estado continúa a exercer un estrito control sobre os ingresos tributarios

recadados nos principais impostos, mentres que asigna a Galiza un papel subordinado na creación tributaria (sempre supeditada ao restos que deixe sen gravar o sistema fiscal do Estado), unicamente aceptando a cesión plena en impostos de menor capacidade recadatoria (sucesións, transmisións, patrimoniais, xogo, ambientais, taxas e prezos públicos propios), e -dun xeito esencial- reforza o papel da administración tributaria central do Estado nos tributos de maior capacidade para xerar ingresos públicos pois unicamente no imposto sobre a renda se acepta -alén da cesión dunha porcentaxe da recadación- unha escasa marxe regulatoria, ao tempo que se admite a cesión da recadación sen ningunha capacidade no imposto sobre o valor engadido, e finalmente segue a ser impedida calquera cesión e xestión no imposto sobre sociedades, que grava beneficios empresariais, de xeito que nin sequera a actividade de grandes empresas galegas ou establecidas en Galiza, na parte que deben tributar, é asignada a Galiza para afrontar o financiamento das competencias estatutarias.

A grande contradición deste modelo reside en que precisamente o deseño centralista, con tímidas facultades para poder controlar os ingresos públicos desde Galiza e outras comunidades autónomas e con iso ser máis responsábeis no financiamento das competencias propias, non foi capaz de dar como resultado unha equidade nas necesidades financeiras, senón que acentuou moitos



CSV: BOPGDSPG-mOHF2n8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envío: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desequilibrios. En realidade, ante a falsa imaxe trasladada dun Estado cun pretendido carácter solidario que lle proporciona recursos de maneira paternalista a quen non ten capacidade de financiarse por si mesmo, o que aconteceu é unha concentración e consolidación de recursos tributarios que acompañaron e mesmo incentivaron un proceso de concentración económica e demográfica que acentuou as desigualdades e desequilibrios territoriais, no canto de contribuír a realizar unha distribución máis equitativa dos recursos e a compensar as desigualdades territoriais e sociais.

E para Galiza, o outro grande paradoxo é que o actual sistema de financiamento amosouse -xa desde o inicio e malia as sucesivas reformas- estruturalmente deficiente para dotar as institucións galegas dun financiamento acaído aos servizos públicos que presta e sobre os que ten competencias exclusivas. O volume de recursos que se destina polo sistema de financiamento autonómico no que está inserido Galiza tense demostrado totalmente insuficiente para financiar satisfactoriamente competencias como a educación, a sanidade ou os servizos sociais, unha cuestión que foi intensificada en períodos de crise económica. E no caso de Galiza, dun xeito máis agravado pola infraponderación de elementos que inciden nun maior custo dos servizos, como a dispersión territorial ou o avellentamento da poboación.

A esencia do denominado modelo de financiamento autonómico aplicado nestas catro décadas e media de autonomía desde o Estado a Galiza (e tamén en

xeral ás Comunidades Autónomas agás o caso específico pactado e plasmado constitucionalmente do concerto vasco e do convenio navarro) foi a "conveniencia de asignación", de transferencia de rendementos impositivos en



CSV: BOPGDSPG-nGFf2eq8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

función do seu gasto. Un modelo propio dun centralismo que admite exclusivamente outros entes territoriais como "instrumentais" (con autonomía administrativa nunca con poder de decisión política) na execución das políticas que se deciden desde os poderes centrais. En ningún caso se permite unha capacidade real e efectiva de actuación sobre a presión fiscal desde Galiza, nin punto de vista normativo (senón mínimos axustes complementarios nun reducido número de impostos) nin desde a perspectiva do control que reside na Axencia Estatal Tributaria, directamente dependente -e con vinculación xerárquica- do Goberno central, malia que a provisión pública de servizos básicos esenciais se efectuou de xeito descentralizado desde o sector público galego. Á marxe do argumento político, plasmado na necesidade de ter capacidade plena de decisión desde Galiza sobre as súas competencias, o cal implica tamén poder determinar os ingresos públicos para exercelas, desde unha óptica que persigue mellorar a eficacia económica na asignación de bens e servizos públicos, tamén é aconsellábel unha mudanza a fondo deste modelo. O obxectivo ha de ser procurar por riba de todo aumentar a correspondencia entre o pago de tributos e os servizos recibidos a cambio, onde as propias persoas obrigadas á imposición fiscal poidan identificar máis claramente o custe-beneficio do gasto público. No actual sistema de financiamento que tivo Galiza nestes anos esta análise antóllase imposíbel, pois a centralización absoluta dos ingresos tributarios e os complexos sistemas de transferencias articuladas impiden atinxir facer visíbel esa ecuación de forma intelixíbel para a maioría das persoas. Iso aínda se agrava máis pola opacidade coa que o Estado actúa á hora de divulgar o custe real dos servizos centrais que non teñen unha repercusión para alén da administración central.



CSV: BOPGDSPGmoF9tq8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha das leccións máis evidentes destas décadas de autonomía limitada é a necesidade da asunción real e exclusiva da capacidade de decidir sobre os servizos e políticas en Galiza e ao tempo poder tamén acordar plenamente sobre os recursos económicos para exercelas. De nada serve administrar a xestión de servizos públicos básicos como a sanidade, educación ou servizos sociais, que teñen ademais unha función redistributiva social, senón se ostentar a capacidade de incidir nos ingresos que han de soster o seu funcionamento ademais do seu continuo desenvolvemento e mellora. Non se pode seguir sostendo que Galiza soporte case un 80 por 100 do gasto nos seus orzamentos en servizos públicos básicos e non sexa capaz de incidir dun xeito relevante –non residual como agora- nos impostos que son a parte máis importante do ingreso público para financiar ditos servizos.

A alternativa ao sistema de financiamento que rexeu para Galiza consiste nunha mudanza radical da filosofía e bases que presidiron o mesmo até o de agora. O novo modelo debe asentarse na atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza. Esta formulación é, ademais, máis equitativa e respectuosa coas competencias que asumiron as institucións galegas, pois responde e plasma unha equivalencia entre as institucións que teñen a atribución competencial e responsabilidade á hora de decidir o gasto na provisión de servizos públicos e competencias máis esenciais para a cidadanía con aquelas que teñen e capacidade de establecer as políticas impositivas que financian ditos servizos públicos. Atinxiríase dese xeito unha relación entre quen e onde se pagan os impostos (o

CSV: BOPGDSPGmOFP2q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envio: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nivel de ingreso) e os servizos e políticas públicas onde se aplican ditos recursos fiscais (o nivel de gasto).

A vixente Lei Orgánica 8/1990, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA), reitera no seu artigo 1.1, o recoñecemento constitucional da autonomía financeira das comunidades autónomas para o desenvolvemento e execución das súas competencias de acordo cos seus respectivos Estatutos. Así mesmo, o artigo 1.2 dispón que "o financiamento das comunidades autónomas rexerase pola presente Lei Orgánica e o Estatuto de cada unha de ditas comunidades". Dese xeito, malia que a LOFCA desenvolve o regulamento dun réxime común de financiamento autonómico, tamén deixa a salvo aqueles réximes de financiamento pactados nos Estatutos, sendo que dita especialidade xa está en vigor nas Comunidades Autónomas de Euskadi e Navarra. Neste sentido, polas razóns políticas e económicas expresadas, á vista da experiencia acumulada após máis de catro décadas de vixencia do Estatuto e da aplicación do réxime común de financiamento para Galiza, e tendo en conta as evidentes eivas que supón para poder contar cos recursos necesarios -dos que Galiza conta- para atender e desenvolver as actuais competencias e moitas outras que cómpre seguir reclamando, é preciso regular estatutariamente as bases dun novo modelo de financiamento para Galiza, baseado no concerto económico, onde haxa unha responsabilización plena das institucións galegas na política fiscal e impositiva, sen prexuízo da posterior achega polas competencias que siga prestando o Estado en Galiza.

A presente Lei Orgánica modifica o vixente Estatuto de Autonomía, para recoller un novo modelo de concerto económico fiscal que rexerá as relacións

CSV: BOPGDSPG-nOhF2q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicas e fiscais entre as institucións galegas e do Estado, baseado nos seguintes principios:

1) Unha territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar ao goberno galego dun elemento esencial de autogoberno: a política fiscal.

2) A efectiva tributación en Galiza de todas as manifestacións de capacidade económica xeradas por actividades desenvolvidas no noso país.

3) A institucionalización a nivel estatutario da Axencia Tributaria Galega, que terá capacidade para:

(i) A organización e exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsábel, de todos os tributos soportados en Galiza.

(ii) A colaboración e cooperación con outras administración locais, estatais e comunitarias, especialmente na loita contra a fraude fiscal.

(iii) A transferencia aos concellos galegos dos recursos necesarios polas competencias e servizos que desenvolvan, en base a un modelo propio de financiamento local.

4) A asunción plena desde Galiza do financiamento local, fixando as transferencias necesarias para os concellos atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega.



CSV: BOPGDSPG-nGHGFR2gaQ1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5) O establecemento dunha achega desde Galiza ao Estado en concepto do custe das competencias e dos servizos común prestados que afecten a Galiza, que será fixada con carácter plurianual e revisábel en función de criterios e parámetros obxectivos.

6) A creación dun mecanismo de redistribución interterritorial que serva de elemento para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha real converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

As modificacións introducidas nesta Lei Orgánica afectan a diversas disposicións do Título IV do Estatuto de Autonomía para Galiza, ademais da disposición adicional primeira. Así mesmo, tamén se incorporan dúas disposicións finais para engadir unha disposición adicional segunda bis na LOFCA e introducir unha nova disposición adicional décimo oitava no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, ambas aos efectos de que este sistema de financiamento singular establecido estatutariamente para Galiza teña un carácter normativo preferente para as relacións fiscais entre o Estado e Galiza sobre o réxime común establecido para aquelas Comunidades Autónomas que manteñan a vontade de seguir participando no mesmo.



CSV: BOPGDSPGnn6FP0q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envío: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Artigo Único**. **Modificación da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galiza.**

**Un**. O artigo 42 queda redactado como segue:

"1. Galiza contará para o desempeño e financiamento das súas competencias con Facenda e Patrimonio propios.

2. O financiamento de Galiza rexerase polos principios de autonomía financeira, responsabilidade fiscal, suficiencia, redistribución, cooperación e transparencia nas relacións fiscais e financeiras entre administracións públicas, así como polos principios de progresividade e lealdade institucional entre as administracións, entidades e organismos do sector público.

3. O réxime de financiamento de Galiza plasmarase a través dun réxime específico de concerto que regulará de xeito particular as relacións de orde tributario entre o Estado e Galiza.

4. O réxime específico do sistema de financiamento para Galiza será aprobado por Lei, que será concertada e pactada entre os Gobernos do Estado e de Galiza previamente á elevación ás Cortes Xerais para a súa tramitación e aprobación.

5. O contido do réxime específico do réxime de financiamento para Galiza aplicarase tendo en conta os seguintes principios e bases de actuación:

a) A administración tributaria galega poderá regular, establecer e manter, no ámbito de Galiza, o réxime tributario, sen prexuízo dos mecanismos de



CSV: BOPGDSPG-nGFP2q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cooperación bilaterais necesarios para a coordinación e harmonización fiscal, atendendo ao disposto no artigo 46 deste Estatuto.

b) A exacción, xestión, liquidación e inspección de todos os impostos efectuarase pola administración tributaria galega, sen prexuízo dos instrumentos de colaboración para asegurar a eficacia na inspección tributaria.

c) Galiza efectuará unha achega anual ao Estado, como contribución ás competencias e servizos que preste no territorio galego e non sexan asumidas polas institucións autonómicas.

A metodoloxía xeral para calcular a achega, así como as actualizacións que correspondan, será efectuada pola Lei a que se refire o apartado 4 deste artigo, con base nos datos obxectivos de custes dos servizos e competencias prestados en territorio galego.

Para o cálculo das achegas que correspondan anualmente constituirase unha Comisión Mixta integrada de xeito paritario por representantes das administracións tributarias de Galiza e do Estado, que velará pola correcta aplicación da Lei e tamén poderá propor as oportunas adaptacións e actualizacións en función da evolución económica.

d) O réxime específico do sistema de financiamento para Galiza aplicarase consonte o principio de solidariedade interterritorial, polo que tamén se preverán os mecanismos de necesarios para a redistribución dos tributos que permitan reducir os déficits de financiamento existentes nos servizos públicos esenciais, nas políticas de emprego e de infraestruturas.

CSV: BOPGDSPG-mOfP2qg8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) Consonte o principio de lealdade institucional, no caso de que as disposicións xerais aprobadas polo Estado impliquen un incremento das necesidades de gasto ou unha diminución da capacidade fiscal de Galiza, o Estado deberá garantir a suficiencia de recursos da Facenda Pública de Galiza."

**Dous**. O artigo 44 queda redactado como segue:

"1. Galiza disporá de recursos financeiros suficientes para afrontar axeitadamente o exercicio do seu autogoberno.

2. Galiza disporá de plena autonomía de gasto para poder aplicar libremente os seus recursos financeiros de acordo coas directrices políticas e sociais determinadas polas súas institucións de autogoberno.

3. Os recursos da facenda pública galega veñen constituídos por:

a) Os rendementos dos seus impostos, taxas, contribucións especiais e demais tributos propios.

b) O rendemento de todos dos tributos estatais devindicados en Galiza de acordo co disposto no presente Estatuto.

c) Os recargos sobre os tributos estatais.

d) As transferencias do Fondo de Compensación Interterritorial e doutras asignacións establecidas na Constitución.

e) As participacións incondicionadas e asignacións de nivelación con cargo aos orzamentos xerais do Estado.



CSV: BOPGDSPGrn6FP2ag8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) Os ingresos pola percepcións dos seus prezos públicos.

g) Os ingresos de dereito privado.

i) O produto da emisión de débeda e as operacións de crédito.

j) Os ingresos procedentes das multas e sancións no ámbito das súas competencias.

k) Os recursos procedentes da Unión Europea e dos fondos previstos nos programas comunitarios.

l) Calquera outro recurso que poida establecerse en virtude do disposto no ordenamento xurídico."

**Tres**. O artigo 46 queda redactado como segue:

"1. Galiza terá capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos estatais devindicados en Galiza, así como daqueles que puideran resultar da participación de Galiza en organizacións de ámbito supraestatal. Todos os feitos impoñíbeis que teñan a súa orixe en territorio galego tributarán en Galiza, sexa cal for o enderezo fiscal do contribuínte.

2. O exercicio da capacidade normativa, no marco das competencias do Estado e da Unión Europea, inclúe en todo o caso a participación na fixación do tipo impositivo, as reducións e bonificacións na base impoñíbel e as deducións sobre a cota tributaria.

CSV: BOPGDSPG-nGFP2qd8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envio: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Corresponderá a Galiza a xestión, liquidación, recadación e inspección de todos os tributos estatais devindicados en Galiza no marco dun sistema fiscal estatal harmonizado e que atenda a progresividade fiscal.

4. Galiza ten competencia para establecer, mediante unha lei do Parlamento, os seus tributos propios sobre os cales ten plena capacidade normativa.

5. O exercicio da capacidade normativa que Galiza ten no eido tributario basearase nos principios de equidade, progresividade e eficiencia. As políticas tributarias contribuirán a promover a cohesión e o benestar social, o progreso económico e a sustentabilidade ambiental.

6. As relacións financeiras entre o Estado e Galiza rexeranse polos principios de autonomía financeira das institucións de Galiza para o exercicio das súas competencias, respecto da solidariedade interterritorial nos termos da Constitución e o Estatuto e coordinación e colaboración en materia de estabilidade orzamentaria."

**Catro**. O artigo 49 queda redactado como segue:

"1. As facultades de tutela financeira que en cada momento, e segundo as leis ou regulamentos, desempeñe o Estado en materia de entes locais, corresponderán ás institucións competentes de Galiza, sen que iso poida significar, de xeito ningún, un nivel de autonomía das entidades locais galegas inferior ao que teñan o resto de entidades locais do Estado.



CSV: BOPGDSPG-nOhF2Iq8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Os entes locais teñen competencia para a regulación das súas facendas locais no marco establecido polas leis de réxime local. En todo caso, comprenderá as facultades de xestión, recadación, liquidación e inspección dos tributos propios, así como a regulación das cotas tributarias, as bonificacións e exencións dentro dos límites establecidos polas leis.

As facultades previstas neste apartado poderán ser delegadas na Axencia Tributaria Galega a que se refire o artigo 54 do presente Estatuto.

3. A administración tributaria de Galiza establecerá un fondo de financiamento das entidades locais de Galiza. A súa regulación será establecida por unha lei do Parlamento e terá carácter incondicionado e dotarase a partir de todos os ingresos tributarios devindicados no territorio galego.

4. Os ingresos dos entes locais de Galiza, consistentes en participacións en transferencias e subvencións incondicionadas estatais percibiranse a través da administración tributaria de Galiza, que os distribuirá consonte os criterios que se establezan por unha lei de facendas locais que aprobará o Parlamento de Galiza.

5. As entidades locais de Galiza terán garantida a suficiencia financeira para atender as competencias e servizos públicos locais. A estes efectos:

a) As modificacións normativas que diminúan os ingresos tributarios locais deberán prever a compensación ou diminución.

b) Toda nova atribución de competencias locais acompañarase da asignación de recursos suplementarios para financialas axeitadamente, de xeito que se teñan en conta o custe total e efectivo dos servizos traspasados.



CSV: BOPGDSPG-mOF20q8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Estableceranse os mecanismos financeiros axeitados para compensar aos entes locais polo financiamento de gastos que as leis non lles atribúan dun xeito específico e respondan a necesidades sociais consolidadas e non atendidas por outras administracións públicas."

**Cinco**. O artigo 54 queda redactado como segue:

"1. A xestión, recadación, liquidación e inspección de todos os tributos devindicados en Galiza corresponderá á administración tributaria de Galiza, agás os tributos propios de natureza local, sen prexuízo da delegación que poidan recibir dos entes locais para o exercicio de ditas funcións.

2. A administración tributaria de Galiza será exercida pola Axencia Tributaria Galega, que será creada por lei do Parlamento, que disporá de plena capacidade para o exercicio das funcións a que se refire o apartado 1 deste artigo.

3. A administración tributaria de Galiza ostentará, respecto da xestión, recadación e inspección dos tributos concertados, as mesmas facultades e prerrogativas que as que ten recoñecidas a Facenda Pública do Estado."

**Disposición transitoria primeira**. Constitución de Comisión Mixta para a redacción da proposta de lei de réxime específico de financiamento para Galiza.

No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta Lei constituirase unha Comisión Mixta paritaria formada por representantes da



CSV: BOPGDSPGrn6FPq8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración xeral do Estado de da administración galega a fin de proceder a redactar a proposta de Lei a que se refire o artigo 42.4 deste Estatuto.

Dita proposta será elaborada no prazo máximo de seis meses desde a constitución da Comisión Mixta, para a súa elevación ás Cortes Xerais para a tramitación e aprobación parlamentaria.

**Disposición transitoria segunda**. Adaptación das normas con rango de lei.

As normas con rango de lei vixentes no momento da entra en vigor da presente Lei que eventualmente puideran resultaren incompatíbeis con este Estatuto manterán a súa vixencia até a entrada en vigor la Lei a que se refire o artigo 42.4 deste Estatuto.

Unha vez aprobada dita lei de réxime específico de financiamento para Galiza, a vixencia das normas que resulten incompatíbeis manterase no prazo máximo de un ano, no cal deberán ser adaptadas á regulación establecida neste Estatuto.

**Disposición derradeira primeira**. Modificación da Lei Orgánica 8/1990, de 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

Engádese unha disposición adicional, coa seguinte redacción: “Disposición adicional segunda bis.

CSV: BOPGDSPG-nOF9n8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envío: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De acordo co establecido no Estatuto de Autonomía para Galiza, o sistema de concerto económico aplicarase en Galiza, e rexerá a actividade financeira e tributaria de Galiza.

A lei que estableza o réxime específico do sistema de financiamento a que se refire o artigo 42.4 do Estatuto de Autonomía para Galiza determinará as achegas así como os criterios de harmonización co réxime tributario xeral do Estado."

**Disposición derradeira segunda**. Modificación do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Engádese unha disposición adicional, coa seguinte redacción:

"Disposición adicional décimo oitava. Réxime de concerto con Galiza.

O financiamento das entidades locais de Galiza rexerase polo disposto no Estatuto de Autonomía para Galiza.

As achegas que lles correspondan ás entidades locais galegas participación nos tributos determinarase pola leis previstas no Estatuto de Autonomía de Galiza para tal fin."

**Disposición derradeira terceira**. Entrada en vigor.

"O presente Estatuto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial do Estado."



CSV: BOPGDSPG-nGFR2g8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envio: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI ORGÁNICA DE REFORMA DA LEI ORGÁNICA 1/1981, DE 6 DE ABRIL, DE ESTATUTO DE AUTONOMÍA PARA GALIZA, DE IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE CONCERTO ECONÓMICO PARA GARANTIR O FINANCIAMENTO DAS COMPETENCIAS E SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS DE GALIZA

- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galiza.
- Lei Orgánica 8/1990, de 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.
- Lei Orgánica 3/2009, de 18 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 8/1990, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.
- Lei Orgánica 6/2015, de 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1990, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e cidade con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias.



CSV: BOPGDSPG-nOhPdu8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envio: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Lei 36/2022, de 27 de decembro, pola que se modifica a Lei 17/2010, de 16 de xullo, de réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza e de fixación do alcance e condicións de dita cesión.
- Lei 17/2010, de 16 de xullo, de réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza e de fixación do alcance e condicións de dita cesión.
- Lei 18/2002, de 1 de xullo, de réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza e de fixación do alcance e condicións de dita cesión.
- Lei 32/1997, do 4 de agosto, de modificación do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galiza e de fixación do alcance e condicións de dita cesión.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-mOHPqo8Q1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2025 12:31:37
Nº Rexistro: 20918
Data envio: 27/02/2025 12:31:37.743

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2025 12:31:16**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 8600**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Montserrat Prado Cores e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da reapertura do consultorio de Doiras, no concello de Cervantes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A resposta a esta iniciativa foi ofrecida polo Conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 5866 que foi incluída na orde do día da sesión plenaria do 26 de xuño de 2024. Na seguinte ligazón á web do Parlamento pode accederse á resposta ofrecida polo conselleiro de Sanidade ao respecto deste asunto.
http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/18KsCjNimQcb9l5MERUeFDQMuUma5VDEjL7anqwE5pW6syBB ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGKmdP0ms81-0
Verificación: CVE-PREPAR: a59dd328-25d3-88d7-5629-8652ac1a4620
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/02/2025 14:37:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20623
Data envio: 24/02/2025 14:37:21.365

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2025 14:37:20**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2025 17:42:27
Nº Rexistro: 20776
Data envío: 25/02/2025 17:42:27.761
Data 25/02/2025 17:42

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11410**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación das estradas da provincia de Lugo LU-530, LU-612 e LU-232 no que concirne á seguridade viaria de peóns e vehículos e a valoración que fai a Xunta de Galicia das demandas da veciñanza nesa materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta nº11410 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a situación das estradas da provincia de Lugo LU-530, LU-612 e LU-232 no que concirne á seguridade viaria de peóns e vehículos e a valoración que fai a Xunta de Galicia das demandas da veciñanza nesa materia, correspóndese coa que foi contestada por parte do director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias, na iniciativa nº11408 sobre o mesmo tema, que foi debatida en Comisión 2ª na sesión do día 10.10.2024 (12/POC 001923) que pode ser consultada no seguinte enlace:

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGTvh0iIcQ1-0
Verificación: CVE-PREPAR: dc298b64-eac8-dbd0-3990-c2d54eb59689
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/02/2025 20:00:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20790
Data envio: 25/02/2025 20:00:59.689

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2025 20:00:59**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17939**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"o estado en que está a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística de movementos de terras na parroquia de Lubre, en Bergondo, que foron denunciados ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"En resposta á pregunta formulada cómpre informar da continuidade da tramitación do expediente da APLU de referencia COR/60/2021- RP1, no que se está a tramitar un procedemento de reposición da legalidade urbanística alterada, cuxo obxecto é o seguinte: "verquido de terras cun volumen de 11.719 m3 nunha parte da parcela catastral 75 do polígono 11 (referencia 15008A011000750000XI), ampliando unha plataforma existente nunha lonxitude de 20 metros, creando un talude de 4,52 m de altura, cunha lonxitude de talude entre pé e cabeza de 12,8 m e xerando un desnivel entre o pé do talude e a cabeza do mesmo nas plataformas das naves de 6 m, nunha zona que non coincide coas que se proxectou a regularización do terreo, definidas nos planos do proxecto ao que se lle outorgou unha licenza municipal, outorgada por acordo da Xunta do Goberno Local de Bergondo do 10/09/2020 e que se transmitiu á outra empresa con data 10/12/2020 (expediente municipal 2020/UC20-000004)".

Neste sentido, con data 01/03/2024, a empresa comunica á APLU que "finalizaron os traballos e labores segundo un proxecto técnico que pretende adecuar as actuacións á previa licenza municipal que tiñan outorgada".

Tras o estudo da documentación presentada, por informe do Servizo Técnico da APLU do 04/10/2024, conclúese que en orde a verificar se -como alegan os promotores- as actuacións executadas se adecúan á licenza municipal outorgada polo Concello de Bergondo, é necesario contar coa documentación técnica que permita establecer unha comparativa do estado inicial, proxectado con licenza e final dos terreos na parcela, que lle é solicitada aos promotores o día 04/10/2024 dándoselle un prazo de 15 días.

Así mesmo, o mesmo día solicitouse ao Concello de Bergondo a súa colaboración coa remisión do proxecto técnico completo que foi autorizado pola licenza do 10/09/2020 denominado "Mejora topográfica de un conjunto de parcelas para permitir su mecanizado y aprovechamiento. Proyecto de obra refundido", que conste no expediente municipal.

En resposta ao solicitado o 16/10/2024 o concello remitiu o documento denominadao Parte II (PLANOS) do Proxecto denominado mellora topográfica dun conxunto de parcelas para permitir o seu mecanizado e aproveitamento.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 41f98ee5-3ad8-5c76-5242-da8ffd7cf462
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/02/2025 20:00:37

Examinada a dita documentación polo Servizo Técnico, e para os efectos de poder establecer a comparativa do estado inicial proxectado con licenza e o estado final dos terreos, o 8/11/2024 solicitouse ao Concello, a documentación completa do proxecto de obras refundido en base ao que foi outorgada a licenza para levar a cabo a mellora topográfica nas parcelas catastrais 15008A011000570000XG, 15008A011000750000XI e 15008A011000550000XB 15.

O 11/11/2024 o Concello de Bergondo remite a documentación solicitada.

O 4/12/2024, os promotores da actuación, en relación co requirimento de documentación cursado o 8/11/2024, solicitaron a ampliación de prazo de tres meses, ao requirir un novo levantamento topográfico e a súa correlación coa topografía orixinaria en formato xeoreferenciado.

Unha vez obtida esta documentación, realizarase unha visita de inspección urbanística para comprobación in situ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-zI3b0tj8Q1-0
Verificación: CVE-PREPAR: 41f98ee5-3ad8-5c76-5242-da8ffd7cf462
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20789
Data envio: 25/02/2025 20:00:45.736

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/02/2025 20:00:44**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20659
Data envío: 24/02/2025 15:04:07.563
Data 24/02/2025 15:04

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18056**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, dona Sonia Vidal Lamas e don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a periodicidade das reunións do Observatorio do Sector Lácteo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"O 6 de febreiro, publicouse no DOG o Decreto 8/2025, do 20 de xaneiro, polo que se regula o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia.

Tendo en conta que desde a súa creación no ano 2007 non tivera ningún cambio, e tendo en conta os cambios experimentados nestes anos na produción e na industria, así como na evolución do consumo e dos mercados do leite e dos produtos lácteos a nivel nacional e internacional, determinouse a necesidade de adaptar o Observatorio e cambiar a composición deste para acoller todos os elos da cadea de valor do leite: produción, industria, distribución e consumo.

Así mesmo, e tal e como se recolle no texto do decreto, O Observatorio funcionará en pleno e en grupos de traballo:

- Pleno: O Pleno é o órgano superior do Observatorio e está integrado por todos os seus membros, e cita textualmente: "O Pleno do Observatorio reunirase anualmente en sesión ordinaria e as veces que sexa preciso con carácter extraordinario".

Ademais, o Observatorio pode pedir a participación nas xuntanzas do Pleno de persoas con acreditada experiencia e prestixio no sector.

- Grupos de traballo: co fin de fortalecer o funcionamento ordinario do Observatorio, permítese a creación de grupos de traballo coa participación de persoas expertas no sector lácteo.

Con estes cambios, o Observatorio Lácteo de Galicia sae reforzado, coa posibilidade de reunirse cantas veces fagan falta e poder ter o acceso á opinión de expertos na materia e ás conclusións dos grupos de traballo que se formen cos seus membros. Desta maneira, non só haberá reunións do Pleno, senón tamén do compoñentes dos grupos de traballo.

Esta maneira de traballar conleva unha maior axilidade na dinámica do Observatorio para dar respostas ao sector de maneira áxil e técnica, e permite a reunión dos grupos de traballo sen ter que convocar á totalidade do Pleno.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-qdb2Q8cQ1-0
Verificación: CVE-PREPAR: 7dcc2dd4-b532-5c81-1340-acdc7d7610d2
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/02/2025 15:04:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20659
Data envio: 24/02/2025 15:04:07.563

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Esta dinámica de traballo resulta máis solvente, pois non obriga á reunión periódica dos membros do Pleno cunha periodicidade obrigatoria, faga ou non faga falta. E, pola contra, permite a convocatoria de reunións dos grupos de traballo de maneira case inmediata para tratar as problemáticas do sector, no momento en que estas se produzan, sen ter que esperar a que coincida a convocatoria periódica de rigor para esperar a tratar os asuntos de urxencia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 7dcc2dd4-b532-5c81-1340-acdc7d7610d2
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20659
Data envio: 24/02/2025 15:04:07.563

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2025 15:04:07

CSV: BORPEG-XRG-qdb29qcQ1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2025 13:36:50
Nº Rexistro: 20845
Data envío: 26/02/2025 13:36:50.716
Data 26/02/2025 13:36

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18441**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **"a xestión por parte da Xunta de Galicia das indemnizacións ás explotacións gandeiras afectadas pola incidencia da enfermidade hemorráxica epizoótica"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A comunicación inmediata aos servizos veterinarios oficiais da sospeita dunha enfermidade de declaración obrigatoria, como é a EHE, é unha obriga recollida no artigo 5 da Lei 8/2003 de 24 de abril, de sanidade animal. A propia Lei prevé que cando non exista un prazo específico na normativa aplicable, este será de 24 horas como máximo. O cumprimento desta obriga non depende da existencia ou non de axudas.

Desta obriga, como ocorreu no 2023, informouse ao sector a través de comunicacións na Oficina Virtual de Gandaría (OVGAN), así como a través das diferentes asociacións (operadores comerciais, Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras -ADSG-), Colexios de Veterinarios Oficiais e, evidentemente, en todo momento a través das Oficinas Rurais (OR), figurando en todos os protocolos facilitados aos Servizos Veterinarios Oficiais.

A confirmación da enfermidade, e polo tanto a adquisición de dereitos de indemnización, debe estar supeditado obviamente á certeza de que a causa do sinistro é debida efectivamente á EHE. O diagnóstico laboratorial positivo é polo tanto a proba obxectiva que garante que un animal con sintomatoloxía compatible está efectivamente infectado por este patóxeno, posto que outras enfermidades do gando bovino como a diarrea vírica bovina, a rinotraqueite infecciosa bovina, a febre catarral bovina ou a estomatite vesicular deben contemplarse no diagnóstico diferencial da EHE, ao poder presentar unha sintomatoloxía similar.

Resulta absolutamente incerto que o número de animais aos que non se lle tomaron mostras sexa elevado, e tamén que non houbera medios humanos para levar a cabo esas tomas de mostras, ou a supervisión dos animais declarados como sospeitosos.

Dende o 16 de abril (data de comezo do período de actividade do vector transmisor) ata o 5 de decembro de 2024 (data de referencia que se tomou para determinar as persoas beneficiarias da axuda) declaráronse un total de 7.259 animais sospeitosos da enfermidade, dos que se tomou mostra en 6.852. Pero é que dos 407 animais non mostrexados, 210 corresponderon a animais mortos nos que na inmensa maioría dos casos a persoa gandeira declarou directamente a morte do animal, sen comunicar previamente a existencia de sintomatoloxía compatible coa enfermidade, e ás veces mesmo cando xa fora recollido o cadáver, o que impediu realizar a toma de mostras

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REXPGAL-6r2908Q1-0
Verificación: CVE-PREPAR: 5e7cf400-58f7-2130-11f7-a444d3cf7f20
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/02/2025 13:36:47

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2025 13:36:50
Nº Rexistro: 20845
Data envío: 26/02/2025 13:36:50.716

ou comprobar os síntomas do proceso do animal. Aínda así, deses 210 animais mortos sen mostra, 178 foron indemnizados, ao existir outros animais positivos na explotación, e considerar que existía unha dúbida razoable de que as mortes se produciran pola EHE.

Os restantes casos de animais sen toma de mostras foron puntuais, en explotacións concretas e por diferentes circunstancias, e en ocasións por causas alleas á Consellería do Medio Rural (erros involuntarios nas comunicacións de sospeita, animais de monte nos que as persoas titulares manifestaron a imposibilidade de recoller os animais...).

Debe terse en conta que ao tratarse dunha enfermidade emerxente e de declaración obrigatoria, a maioría das tomas de mostras foi realizada polo persoal veterinario propio da Consellería do Medio Rural, pero dende o primeiro momento facilitouse a declaración das sospeitas e a toma de mostras por parte de persoal alleo, como persoal veterinario clínico privado ou persoal veterinario das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG), e de feito así se comunicou expresamente tanto aos Colexios de Veterinarios como ás ADSG.

Deste xeito, calquera persoa veterinaria clínica ou de ADSG podía realizar a toma de mostras no momento de atender a un animal, mesmo cando nese momento aínda non se houbera declarado a sospeita (esta comunicación podía facerse inmediatamente despois), e de feito foron admitidos absolutamente todos os resultados de mostras tomadas por este tipo de persoal.

Para establecer o importe a pagar polos tratamentos veterinarios para animais afectados, dende a CMR contactouse cos Colexios Veterinarios Oficiais e con persoal veterinario clínico que atendeu numerosos casos de bovinos afectados, co fin de realizar a estimación do custo medio do tratamento dos animais enfermos pola EHE.

Hai que ter en conta que os animais infectados polo virus da EHE poden mostrar dende unha sintomatoloxía moi leve a unha sintomatoloxía grave ou moi grave é incluso nalgún caso con mortalidade, se non se produce con prontitude o tratamento veterinario. Por isto, o custo do tratamento pode variar enormemente en función de cada caso concreto, con casos que requiren unicamente a aplicación de antipiréticos e antiinflamatorios, ata casos máis graves que precisen fluidoterapia ou antibióticos para o tratamento de infeccións bacterianas secundarias.

Sopesando todas esta variables, e coa información recollida dos propios profesionais veterinarios, a CMR determinou que o custo medio de 100 € por animal afectado era unha cantidade indemnizatoria adecuada.

Debe valorarse que o importe destes tratamentos incluíuse nas axudas mesmo para os casos nos que a persoa titular declarara o caso unha vez morto o animal, sempre que a explotación se considerara afectada pola existencia doutros casos positivos na explotación".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-ozt2Wo8eQ1-0
Verificación: CVE-PREPAR: 5e7cf400-58f7-2130-11f7-a444d3cf7f20
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2025 13:36:50
Nº Rexistro: 20845
Data envio: 26/02/2025 13:36:50.716

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 5e7cf400-58f7-2130-11f7-a444d3cf7f20
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2025 13:36:50
Nº Rexistro: 20845
Data envio: 26/02/2025 13:36:50.716

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2025 13:36:50**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20658
Data envio: 24/02/2025 15:04:01.360
Data 24/02/2025 15:03

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18940**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"a xestión que leva a cabo a Xunta de Galicia en relación cos espazos forestais declarados como montes protectores e os datos estatísticos a eles referidos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 18936 e debatida na Comisión do 19 de febreiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzE0YmNiYTktMmExZi00ZGQ2LWIwNmQtZjZkZmM2YmU3ZDJh".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: ca4c3317-15a4-4832-2f20-0468a2e22f37
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/02/2025 15:03:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20658
Data envio: 24/02/2025 15:04:01.360

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2025 15:04:01**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20657
Data envío: 24/02/2025 15:03:55.047
Data 24/02/2025 15:03

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19937**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a existencia de queixas polas condicións de traballo do persoal dunha determinada explotación agraria de Begonte, as actuacións da Xunta de Galicia ao respecto e a evolución da ocupación da man de obra inmigrante no sector agrícola galego"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"En consideración do disposto na exposición de motivos da pregunta N.º 19937, cómpre destacar, en primeiro lugar, que a actuación levada a cabo pola Garda Civil en dita finca agrícola sita no concello de Begonte (Lugo) non afectou á empresa *Surexport*, tal e como ditaminan nas cuestións finalmente expostas, xa que, na actualidade, esta compañía non conta con ningún dereito sobre a citada finca. Porén, a titularidade por arrendamento desta recae, desde abril de 2024, nas mercantís Terras de San Martiño Pacios S.L., datando os procedementos cuestionados de xaneiro deste 2025.

Certo é que, con anterioridade a posuidora do dereito de superficie si que foi *Surexport*, momento no cal Inspección de Trabajo realizou actuacións inspectoras nos anos 2021, 2022, 2023 e 2024, sen que dos mesmos se considerase procedente o levantamento de acta de infracción algunha. Asemade, respecto das actas de infracción levantadas en xaneiro deste ano, debemos indicar que os procedementos sancionadores dimanantes dos mesmos encóntranse suspendidos ao terse instruído, ao mesmo tempo, dilixencias penais sobre os mesmos feitos. Así e todo, e **sendo conscientes de que a competencia recae plenamente en Inspección de Trabajo, sendo este ente dependente da Administración General del Estado e transcendendo ao ámbito competencial do Goberno galego, desde a Xunta de Galicia velamos, en toda situación, polo cumprimento da lexislación e a salvagarda dos dereitos das persoas traballadoras**.

Por outra banda, na súa tarefa de abordar a sensibilización, información e asesoramento técnico sobre os distintos ricos, abordados consonte as diversas especialidades preventivas nos lugares de traballo e, por outra banda, as actuacións de carácter reactivo, como son a investigación dos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) tamén representa unha entidade facilitadora da acción da Inspección de Trabajo no seu labor. Neste respecto, no caso de producirse denuncias, como nesta circunstancia, presta asistencia técnica sempre que lle sexa requirido.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 633c33f9-6950-d7b9-cc09-960d0e678181
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

72862

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/02/2025 15:03:51

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20657
Data envío: 24/02/2025 15:03:55.047

No caso mencionado, **o Issga foi xustamente requirido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) para prestar asistencia técnica nas súas actuacións e procedemento que o órgano inspector lidera, sempre no relativo á normativa de prevención de riscos laborais, así como a colaborar coa autoridade xudicial a través do correspondente asesoramento técnico**. En concreto, o resumo das actuacións realizadas polo persoal técnico do centro territorial do Issga de Lugo é o seguinte:

1. **Xullo 2015:** o centro do Issga de Lugo recibiu, mediante rexistro, a solicitude da Inspección Provincial de Traballo de Lugo (IPTSS de Lugo) dun informe técnico en materia de maquinaria e equipos de traballo agrarios da empresa *Agriss S. Coop. Galega Xuga*, *Galianberries* S.L. e *Sän Antonio* S.A.T. Para levar a cabo a petición, o Issga de Lugo visitou, xunto coa IPTSS de Lugo, o centro de traballo na finca Magdalena no concello de Baamonde (Lugo). Durante a visita, un representante da empresa *Galianberries* S.L. indicou que os traballadores que estaban nese momento na explotación e a maquinaria empregada non pertencía a dita empresa, senón á empresa que lles tiña alugada a finca. Esta empresa era *Surexport*, polo que se decide continuar co expediente centrado na empresa propietaria da maquinaria e que ten contratado a todo o persoal que traballa con ela.

2. **Setembro 2019:** a Policía Xudicial da Garda Civil de Lugo solicitou a copia de todas as actuacións realizadas polo Issga, debido a unha denuncia presentada polo Sindicato Nacional de CC.OO. ante a Subdelegación do Goberno da provincia contra a empresa *Surexport*, polo deceso dun traballador nun hostal ao finalizar a súa xornada laboral, ademais das condicións de traballo ás que estaba sometido o persoal.

3. **Abril 2022:** o Xulgado de Instrución n.º 1 de Lugo solicitoulle ao Issga que informase en base ao informe técnico en materia de maquinaria e equipos de traballo agrarios da empresa *Surexport*, se foran subsanadas as deficiencias indicadas nos equipos de traballo da explotación, de acordo coa normativa vixente. O Issga realizou a comprobación do arranxo de deficiencias indicadas no expediente mediante unha visita do persoal técnico ao centro de traballo, no que solicitou a documentación e materia de Seguridade e Saúde Laboral.

Todas as actuacións levadas a cabo polo persoal técnico do Issga do Centro de Lugo circunscríbense a requirimentos de asistencia técnica efectuados pola ITSS ou como resposta a solicitudes da Garda Civil ou dos pertinentes xulgados. Para dar resposta a ditos requirimentos, realizáronse as necesarias visitas e emitíronse os correspondentes informes técnicos, tal e como consta no histórico das accións da entidade anteriormente expostas.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 633c33f9-6950-d7b9-cc09-960d0e678181
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20657
Data envio: 24/02/2025 15:03:55.047

Cabe destacar que, en toda actuación da ITSS, está supeditada a acción do Issga, estando a enteira disposición de dita inspección para prestarlle o asesoramento técnico que precise en todo momento, producíndose esta mesma situación no caso de que un tema se encontre en mans dos xulgados.

A maiores, indicar que o Issga participa, a nivel nacional, no grupo de traballo do Sector Agrario da Comisión Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo (CNSST) e, no marco deste grupo, o pasado ano 2024 foi creado un subgrupo de traballo para a elaboración dirixida á integración de migrantes e/ou persoas traballadoras estacionais para dar cumprimento ao establecido no plan de acción da estratexia española de seguridade e saúde no traballo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 633c33f9-6950-d7b9-cc09-960d0e678181
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20657
Data envio: 24/02/2025 15:03:55.047

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2025 15:03:54**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20656
Data envio: 24/02/2025 15:03:47.313
Data 24/02/2025 15:03

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 20041**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a situación laboral das mulleres en Galicia, a valoración que fai o Goberno galego da fenda salarial e da diferenza co conxunto de España, así como as medidas que prevé levar a cabo nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Con datos máis recentes aos incluídos na exposición de motivos, fixándonos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 4.º trimestre de 2024, a taxa de actividade de entre 16 a 64 anos de idade reflicte que, mentres en Galicia traballan un 71,92% das mulleres, en España fano un 71,38%, porcentaxe lixeiramente por debaixo da nosa comunidade. Asemade, mentres que a taxa de paro se sitúa nun 9,81% das mulleres en Galicia, en España sitúase nun 11,83%, bastante por enriba. E, adicionalmente, se consultamos a taxa de ocupación de entre 16 a 64, mentres na nosa comunidade se atopan ocupadas un 64,73% de mulleres, en España estano nun 62,91%, preto de dous puntos por debaixo. **A través destes datos, bosquéxase unha situación algo máis favorable para as mulleres residentes na nosa comunidade en comparación co resto de España**.

**Ademais, a cifra de mulleres desempregadas foi a máis baixa nun mes de xaneiro desde que hai rexistros (2005), cunha redución de -7,74% (70.083 mulleres)**. Un dato que se deriva do actual escenario do noso mercado laboral, que continúa avanzando e acumula unha caída interanual do paro, acadando con 121.320 persoas a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica tamén nun mes de xaneiro (1996). Así e todo, seguimos comprometidos tanto co mercado laboral en xeral, traballando en políticas activas de emprego eficaces para continuar xerando máis e mellor emprego de calidade, como coa igualdade entre homes e mulleres neste ámbito e, mostra disto, impulsamos un espazo dixital dirixido a fomentar, sensibilizar e formar á sociedade na igualdade laboral efectiva entre homes e mulleres, a través de accións formativas, recursos e información de actualidade enmarcadas en diferentes ámbitos, como a conciliación e a corresponsabilidade, o rexistro retributivo, o acoso laboral ou o tele-traballo, entre moitas outras.

A partir dos datos, case 8.000 persoas foron adheridas ao Campus de Igualdade (o 75% foron mulleres e, o 25%, homes), 6.000 persoas participaron nas formacións (o 77% foron mulleres e, o 23%, homes), impartíronse un total de 95 accións formativas (65 cursos e 30 talleres) e emitíronse 11.044 certificados (o 81% foron mulleres e, o 19%, homes). Un espazo centrado en acercar á sociedade á igualdade laboral a través de conceptos e teorías, co fin de comentar a reflexión e un cambio de actitudes e valores que promovan o fin das desigualdades no ámbito laboral. Encanto á distribución dos participantes segundo a súa ocupación, o 9,14% do total

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-7bJF9OcQ1-0
Verificación: CVE-PREPAR: 4aa03873-e2e3-9428-6095-0f949a3546d9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/02/2025 15:03:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20656
Data envio: 24/02/2025 15:03:47.313

foron autónomos (o 74,24% foron mulleres e, o 25,76%, homes), o 12,72% foron estudantes (o 78,92% foron mulleres e, o 21,08%, homes), o 74,29% foron traballadores por conta allea (o 80,4% foron mulleres e, o 19,6%, homes), así como un 3,83% de persoas desempregadas (o 84,4% foron mulleres e, o 15,6%, homes). Así mesmo, no tocante ás categorías laborais con maior representatividade nas formacións, o persoal técnico formou o 37% do total, cunha porcentaxe do 82,89% de mulleres e do 17,11% de homes. O persoal directivo formou o 35% do total, cunha porcentaxe do 77,5% de mulleres e do 22,5% de homes, así como o persoal administrativo, que formou o 14% do total, cunha porcentaxe do 85,86% de mulleres e do 14,14% de homes.

Por último e tendo en conta os sectores laborais con maior representatividade nas formacións, a industria formou o 10,05% do total (o 73% foron mulleres e, o 37%, homes), o sector agroalimentario o 19,22% do total (o 80% foron mulleres e, o 20%, homes) e os servizos profesionais, o 38,77% do total (o 73% foron mulleres e, o 37%, homes). **No balance dos últimos anos, pódense destacar 66 cursos impartidos e 30 talleres, 18.176 persoas participantes e 8.763 certificados expedidos e entregados**.

Existen outros programas para combater a desigualdade laboral, coma o *Plan de igualdade das empresas*, un documento operativo de traballo que reúne un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar unha diagnose de situación, que perseguen conseguir a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres para, así, eliminar e corrixir calquera discriminación por razón de sexo. Así, ponse de manifesto a importancia da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, é dicir, a posibilidade de compatibilizar o traballo remunerado coas tarefas domésticas e as responsabilidades familiares, e mesmo estender esa conciliación á esfera privada das persoas e a dispoñibilidade de tempo libre para o desenvolvemento persoal, falando de maneira ampla de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Para tal fin, avanzamos no **efectivo fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres no eido laboral** e no impulso á presenza feminina en sectores profesionais tradicionalmente masculinizados neste ano 2025 cunha serie de medidas, tales como as axudas destinadas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas (1,7 millóns de euros) (tamén por medio do Galicia Emprega Muller, que conta con 7 millóns de euros destinados a favorecer, precisamente, a contratación de mulleres), as achegas destinadas a empresas para favorecer a conciliación en materia de igualdade laboral (600.000 euros neste 2025), a plataforma virtual *Iqual Campus* (unha ferramenta formativa especializada en igualdade de xénero, que conta con 160.000 euros para acadar as 120 accións formativas realizadas deica xuño deste ano) e as medidas contra a fenda salarial, para as cales están presupostados 600.000 euros en beneficio directo dos sindicatos galegos a través de accións formativas, tanto para continuar co Campus en Igualdade Laboral xa mencionado, como para seguir desenvolvendo o programa "*Ti elixes*", iniciativas que favorecen unha conciencia libre de estereotipos de xénero e de prexuízos respecto das profesións.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-7bLFI0vcQ1-0
Verificación: CVE-PREPAR: 4aa03873-e2e3-9428-6095-0f949a3546d9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20656
Data envio: 24/02/2025 15:03:47.313

Por suposto, sen entrar no resto de axudas postas en marcha tanto para fomentar o emprendemento como a consolidación do emprego, tanto por conta propia como por conta allea, ás que contan con acceso mulleres e homes e que están orientadas a consecución dun emprego de calidade. Lembramos que, neste 2025, destinamos máis de 40 millóns de euros nun paquete específico de axudas ao colectivo de autónomos e máis de 32 millóns de euros no relativo ao emprendemento.

Rematamos por lembrar que as pensións transcenden á competencia da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 4aa03873-e2e3-9428-6095-0f949a3546d9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20656
Data envio: 24/02/2025 15:03:47.313

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/02/2025 15:03:46**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-noh90qcQ1-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/